



Don Juan José Besada Rico, con D.N.I. 35305230T como secretario accidental do Grupo de Acción Local do Sector Pesqueiro da Ría de Pontevedra, inscrita no Rexistro de Asociacións de Pontevedra da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, correspondéndolle rexistralmente o nº de expediente 2009/0013009-1 (PO).

CERTIFICA:

1º Que na reunión da Xunta Directiva celebrada na data do 25 de marzo de 2022, con quorum dabondo e, en segunda convocatoria, adoptáronse os seguintes acordos relativos ao punto segundo da orde do día:

2. Resolución de alegacións e incidencias presentadas á proposta provisional de aprobación de proxectos produtivos e non produtivos presentados á convocatoria de axudas da anualidade 2022. Elaboración da proposta definitiva.

A xerente da conta das alegacións presentadas e incidencias na proposta provisional de proxectos, comezando polos proxectos produtivos.

1. Proposta de proxectos produtivos.

Alegacións presentadas pola empresa GALMEC (GALP 6 – 239).

Avalíanse as alegacións presentadas pola empresa GALMEC e resólvese o seguinte:

- En canto a alegación relativa á creación de emprego local, non se atende a mesma xa que se mantén o criterio empregado ata o de agora de que, si existe o compromiso de xeración de emprego local se puntúa con catro puntos e, cando este compromiso non existe, non se concede puntuación neste criterio.
- En relación a puntuación reclamada en canto a plan de comunicación, non se atende a alegación xa que as accións previstas no mesmo son as que obriga a convocatoria de axudas e as propias da labor comercial da empresa sen sinalar ningunha outra medida á maiores destas.

Comunicación recibida en relación á consulta de condición de beneficiario. INFORME SOBRE A COMISIÓN DE INFRACCIÓN GRAVES DE CONFORMIDADE CO ARTIGO 10.1 DO REGULAMENTO (UE) Nº 508/2014, RELATIVO AO FONDO EUROPEO MARÍTIMO E DE PESCA – PE 155A

Refírese o contido do informe recibido que afecta a un beneficiario da proposta provisional de proxectos. No mesmo se indica que O Percebeiro S. L. conta cunha sanción firme *equivalente coa establecida no artigo 42.1 b) do Regulamento 1005/2008, del Consejo: “ el ejercicio de actividades comerciales directamente relacionadas con la pesca INDNR, incluidos el comercio o la importación de productos pesqueros”*. Por este motivo, retírase esta expediente da proposta de aprobación por entender que o promotor do mesmo non cumpre as condicións para seren beneficiario da axuda.



Expediente GALP 6 – 250.

A entidade promotora do expediente presentou documentación complementaria que xa permite a súa avaliación atopándonos con investimentos en dúas propiedades diferentes: nunha delas o promotor non demostra a dispoñibilidade do ben nos termos recollidos na Orde de axudas de 27 de decembro de 2021 polo que soamente se admiten os investimentos móbiles; a xustificación da outra propiedade enténdese correcta. Lodo da revisión da viabilidade do proxecto e corroborada esta por informe encargado, procédese a avaliación do expediente ao que se lle conceden 56 puntos.

2. Proposta de proxectos non produtivos.

Alegacións presentadas polo Clube Náutico de Portonovo (GALP 6 – 242).

A Xunta Directiva logo de estudar as alegacións presentadas polo Clube Náutico de Portonovo acordou modificar a avaliación do proxecto e concederlle 2 puntos correspondentes ao criterio de promotor agrupado tendo en conta que o proxecto vai a contar coa colaboración de diversas entidades do sector pesqueiro nas xornadas de limpeza de lixo mariño que o Clube vai organizar no marco deste proxecto. A puntuación do proxecto queda en 68 puntos.

Avaliación do expediente promovido polo Clube de Remo Ría de Marín (GALP 6 – 252).

A xerente informa de que este expediente xa consta con informe de viabilidade positivo polo que pode considerarse como definitiva a puntuación obtida de 71 puntos.

Aclaracións presentadas por AVITURGA (GALP 6 – 253).

A petición da Xunta Directiva que solicitou aclaracións ao orzamento presentado, AVITURGA presentou a xustificación do mesmo que foi aceptada pola Xunta Directiva. Ademais, reafirmouse a aplicación dun mesmo importe para actividades similares en virtude do que establece a orde de axuda, neste caso para a degustación de produtos da ría, minorando o importe solicitado para esta actividade.

Incidencia na proposta de aprobación provisional na porcentaxe de axuda atribuída ao expediente (GALP 6 – 241).

A xerente informa de que este expediente consta na proposta provisional cunha porcentaxe de axuda do 80 % mentres que, en función da puntuación recibida, en aplicación da EDLP correspóndelle o 60 % polo que realízase a emenda da porcentaxe e do conseguinte importe da axuda que lle corresponde, en caso de que lle alcanzasen os fondos dispoñibles.



Á vista do exposto, acórdase aprobar a proposta definitiva elaborada a partir dos acordos anteriores que inclúe:

- a. a proposta de concesión de axudas aos proxectos que figuran no Anexo I, por orde descendente de puntuación dos proxectos.
- b. A proposta de desestimación de axudas ás solicitudes que figuran no Anexo II, polos motivos expostos nela.

Ademais, faise constar que:

- Acórdase elevar a presente proposta de resolución definitiva á Consellería do Mar acompañada dunha proposta individualizada coas condicións de selección de cada proxecto
- Acórdase tamén publicar a presente proposta de resolución definitiva no taboleiro de anuncios do GALP e na páxina web <https://galp.xunta.gal/> e na do GALP sen incluír datos dos solicitantes, soamente o seu nome e código do proxecto, coa advertencia de que esta non crea ningún dereito a favor dos solicitantes propostos estando suxeita á dispoñibilidade orzamentaria de crédito para proxectos produtivos e non produtivos para esta convocatoria 2022 e aos axustes que se produzan no orzamento dispoñible nos diferentes eixes da EDLP do GALP Ría de Pontevedra e no seu conxunto, segundo establece a *Orde de Axudas do 27 de decembro de 2021*.
- Neste sentido, a Xunta Directiva propón a aprobación de proxectos asignándolles as cantidades dispoñibles ata o límite de execución da EDLP e os seus obxectivos estratéxicos.
- Todos os membros presentes da Xunta Directiva asinaron antes do comezo da avaliación dos proxectos a declaración de ausencia de conflito de intereses-

E para que conste expido esta certificación co Visto e prace da presidenta do GALP Ría de Pontevedra en Marín a 25 de marzo de 2022

Vº Bº da presidenta,

Don Juan José Besada Rico

Dona María del Carmen Vázquez Nores

